

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2023

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 04-04-2023 // 12,30 h

- Presidente da Xunta de Galicia,
- Galardoadado: Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Regional da Región Norte de Portugal,
- Vice-Presidente da Asemblea da República de Portugal,
- Delegado do Goberno en Galicia,
- Alcalde de Santiago de Compostela,
- Xeneral Xefe do Mando de Apoio á Manobra,
- Vicepresidentes, Conselleiros e Conselleiras da Xunta de Galicia,
- Integrantes da Mesa e Expresidenta e Expresidentes do Parlamento de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia,
- Presidenta do Consello da Cultura Galega,
- Portavoces dos Grupos Parlamentarios e Senadores, Deputados do Congreso, da Asemblea da República de Portugal, do Parlamento Europeo e do Parlamento de Galicia,
- Vicepresidentes e Expresidentes da CCDR, Director do AECT da Euro Rexión Galicia-Norte de Portugal e persoal destas entidades,
- Secretarios e Directores xerais da Xunta de Galicia,
- Medallas do Parlamento,

- Alcaldes de Galicia e representantes das Camaras Municipais dos concellos limıtros,

-Autoridades e representacions academicas, empresariais, sindicais, dos medios de comunicacion e sociais,

-Seoras e Seores:

Moi bo dıa e moitas grazas a todas e todos por nos acompaanaren neste acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia na sua edicion de 2023.

O Parlamento de Galicia, que e a casa de todas e todos os galegos, e tamen hoxe -e podemolo dicir con orgullo- a casa dos nosos irmans portugueses, que nos honran coa asistencia dunha nutrida representacion institucional encabezada polo seor vicepresidente da Asemblea da Republica, ratificando deste xeito a senda comun, de amizade, cooperacion e lealdade, pola que transitamos os dous pobos.

Saudo cordial, e agradecido, por suposto, a todas as persoas que seguen este acto a traves das diferentes canles que o emiten, como a Radio Galega, a Television de Galicia e a propia web do Parlamento de Galicia.

Damonos cita, seoras e seores, nun acto tan entranable como simbolico.

Entranable na medida en que galegos e portugueses compartimos lazos historicos, culturais e familiares, xa que somos moitos os que portamos xenes lusitanos en Galicia, e galegos en Portugal.

Polas veas de quen lles fala corre sangue portugues, procedente do meu avo materno, natural de Famalio, e que na terceira decada do seculo pasado remontou a Vıa Nova que comunicaba as cidades romanas de Bracara Augusta con Asturica Augusta atravesando a Baixa

Limia, onde se estableceu e traballou na construción do encoro das Conchas.

Lembranza de emoción e agradecemento para todos os traballadores e habitantes da raia seca e da raia húmida, que hoxe, como outrora, nos recordan a permeabilidade dunha fronteira que nunca foi tal en sentido estrito.

Contan as crónicas que, desde sempre, a fronteira de Galicia con Portugal foi «máis ca permeable, a pesar dos esforzos da milicia. Proba diso é que o capitán xeneral dos exércitos imperiais en Galicia tivo que ser substituído ata sete veces durante a guerra de independencia portuguesa de 1640. O vínculo entre as dúas beiras do Miño era, e segue sendo, moi poderoso». Así o relata Miguel Anxo Murado nun delicioso volume que leva por título *Outra idea de Galicia*.

Abundando nesta idea, Josefina Castilla e Ana M^a Cuba explican, referíndose á contenda de 1640, que «outra forma de resistencia fronte á guerra foi a fraude na prestación do servizo de carruaxes e xugadas, necesario para mover o exército, especialmente a artillería. (...) Enviaban os carros en mal estado e os bois achacosos e, incluso, ás veces non os alimentaban polo camiño co obxecto de que morreran e, dese xeito, dar por finalizada a prestación desta obriga.»

Galicia nunca quixo guerras, e moito menos con Portugal. Nin antes nin agora. Xamais.

A cooperación interrexional que hoxe celebramos percorreu sendas ata entón ignotas e deu paso a iniciativas semellantes entre outros territorios da Península e deste vello continente, sempre no marco das políticas comunitarias que derruban fronteiras, tenden pontes entre os pobos, consolidan dereitos e incrementan o benestar á cidadanía.

Nada disto tería sido posible sen o horizonte de paz que a unificación europea abriu para os seus integrantes. Porque primeiro tivemos paz e despois veu a cooperación.

Cómpre recordalo sempre, pero moi especialmente nos nosos días, cando no flanco leste da Unión se está a librar un enfrontamento bélico encarnizado. Unha nación inocente —lembranza, afecto e solidariedade para o pobo ucraíno— foi brutalmente agredida polos seus veciños sen máis delito que o de aspirar a vivir en paz, liberdade e democracia, fóra do xugo opresor do que conseguiran librarse décadas atrás.

Onte foi Ucraína, mañá pode ser calquera. Por iso é tan importante a lección de unidade da Unión Europea nesta crise, malia o custo que tal decisión supón para todos os seus socios. Para nosoutros e para todos os europeos.

A imposición da Medalla do Parlamento de Galicia á cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal recoñece solemnemente por parte da primeira institución de Galicia o acerto daquela iniciativa, rubricada oficialmente en outubro de 1991 e que, canalizando outras sinerxías previas, fixo realidade a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

Como nos recorda o profesor Luis Domínguez Castro, «houbo que salvar as reticencias do Goberno español, que era partidario dun modelo como o da xa existente Comunidade de Traballo dos Pirineos (1983), que acollía nunha única estrutura toda a fronteira hispano-francesa, e do Goberno portugués, preocupado por vincular a Rexión Norte cunha única comunidade española que, ademais, era a galega».

No entanto, a intervención de dous homes de Estado resultou providencial para superar o desencontro.

«O apoio do presidente Mario Soares, logrado por (Manuel) Fraga na súa visita oficial a Belém, en xaneiro de 1991, foi decisivo para que botase a andar a primeira comunidade de traballo na fronteira hispano-lusa».

Outorgamos a maior distinción desta Cámara á cooperación transfronteiriza impulsada por Galicia e a Rexión Norte de Portugal, e facémolo a través dun acordo unánime da Mesa que simboliza a importancia capital que os galegos outorgamos ás relacións con Portugal, alén das lexítimas diferenzas ideolóxicas ou programáticas que poidan afastarnos noutros ámbitos.

Grazas, e parabéns, ás restantes integrantes da Mesa, a aos diferentes grupos políticos aquí representados, por seren quen de abstraer cuestións fundamentais, como a que nos ocupa, das disputas partidistas. E por acreditar, unha vez máis, que Galicia segue a ser capaz de practicar unha política civilizada —acorde coa democracia avanzada que nos acubilla— con espazo para o entendemento nalgunhas cuestións esenciais. Podería ser máis, certo; pero Portugal e a cooperación transfronteiriza teñen, como o tiveron durante as últimas décadas, unha transcendencia capital.

Non me corresponde facer balance dos resultados da cooperación transfronteiriza, máxime tendo connosco aos presidentes da Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal e da Xunta de Galicia, pero si quero efectuar dous apuntamentos:

- A Comunidade de Traballo constitúe unha vía pioneira —en España, en Portugal e en Europa— no ámbito da cooperación territorial, pola súa eficacia, pero tamén pola exemplar lealdade institucional que caracteriza o seu proceder respecto aos restantes poderes públicos, e moi particularmente verbo dos gobernos centrais con sede en Madrid e Lisboa.

- Cooperación logo trasladada aos diversos ámbitos da vida cotiá das persoas dunha e doutra beira de fronteira, ben a través dos proxectos impulsados polas distintas administracións, tamén as locais, ben no sector empresarial de capital privado.

Do mesmo xeito que ao longo das tres últimas décadas o espírito de cooperación e boa veciñanza mudou, para mellor, a conformación do conxunto do territorio, impulsou avances notables nas conexións viarias e se puxeron á disposición da cidadanía novos e mellores servizos públicos, cómpre agora tomar impulso para afrontarmos con garantías os novos retos que temos por diante.

Refírome á renovación da conexión ferroviaria entre Galicia e Portugal, como reiteradamente ten demandado este Parlamento, para impulsar o crecemento económico, atraer investimento foráneo e animar e facilitar o movemento de persoas e mercadorías nunha sociedade e unha economía que, malia a visión miope duns poucos, superou definitivamente os modelos centrípetos do pasado.

Dicía que esta Cámara ten dado, e continúa ofrecendo, decote, mostras da súa capacidade para articular acordos no esencial, como aconteceu cando aprobou por unanimidade a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Unha lei xurdida da iniciativa popular Valentín Paz Andrade, que obriga os poderes públicos galegos a promoveren o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vínculos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa.

Resulta obvio —e así o acredita este acto— que galego e portugués son linguas intercomprensibles, unha regalía que nos abre a porta, aos galegos, ao universo lusófono, integrado por 250 millóns de persoas.

Sirva esta medalla de acicate para continuarmos traballando coa mesma intensidade e afrontarmos con éxito estes e outros retos que, sen

dúbida, seremos quen de levar a bo porto, sexa no ámbito ferroviario, no da lusofonía ou en calquera outro que se nos antolle.

Xuntos, galegos e portugueses, somos máis e somos mellores. Así foi e así seguirá a ser. Coa participación e co impulso de todas e todos.

Moitas grazas.